

MANIFESTO DE APOIO ÁS MOBILIZACIÓNS DO **5 DE ABRIL**

CONTRA A ESPECULACIÓN, DEFENDAMOS O DEREITO Á VIVENDA!

O S.N. de CCOO de Galicia e UGT-Galicia queren mostrar o seu apoio ás mobilizacións que terán lugar o próximo 5 de abril en diferentes partes do país en defensa do dereito á vivenda. Participaremos activamente nas diversas manifestacións para reclamar o cumprimento efectivo do dereito constitucional a unha vivenda digna, adecuada e sostible.



A gravidade do problema e a insuficiencia das medidas adoptadas polos poderes públicos para facilitar o exercicio dun dereito fundamental obríganos a situar o dereito á vivenda como unha absoluta prioridade. Porque, ademais, é a clase traballadora a principal afectada por esta situación que está lastrando a vida presente e futura de varias xeracións.

As políticas de vivenda aplicadas durante décadas, con variantes en intensidade e tempo distintas pero un fío condutor común, **son directamente corresponsables de que millóns de persoas non poidan acceder a unha vivenda digna, así como do empobrecemento da clase traballadora**, que debe destinar gran parte do seu salario ao pago de alugueiros e hipotecas a prezos desmedidos.

Esta situación agrávase agora pola resistencia dun bo número de comunidades autónomas a aplicar as primeiras medidas de control de prezos derivadas da lei polo dereito á vivenda. Ao respecto, desde **UGT Galicia e CCOO Galicia consideramos que é urxente facer cumprir a lei polo dereito á vivenda ampliando a competencia de declaración de zona tensionada ás entidades locais, en caso de que as comunidades non queiran facelo, e condicionando o financiamento do Estado en materia de vivenda ao cumprimento da lei.**

CONTRA A ESPECULACIÓN, **DEFENDAMOS** **O DEREITO Á VIVENDA!**

5 de **ABRIL**



É **imprescindible limitar o prezo do alugueiro nas zonas tensionadas, ademais de regular e limitar novos fenómenos** vinculados a formas de arrendamento temporal que contribuíron a elevar os prezos do alugueiro -como o alugueiro turístico, de temporada e habitacional-. No caso do alugueiro de temporada e habitacional regulando o seu uso para evitar que se converta na fórmula usada polos propietarios para eludir a lei.

Pero non só se trata do alugueiro. As dificultades para adquirir unha vivenda debido ao **encarecemento do seu prezo e o seu financiamento** a causa da especulación, convertéronse nun obstáculo para acceder a un ben de primeira necesidade como é a vivenda. Necesitamos transformar o noso mercado hipotecario e ir cara un modelo que garanta e facilite o acceso ao financiamento hipotecario ás persoas traballadoras que desexen comprar una vivenda en condicións sostibles.

A transcendencia **desta situación require a adopción de medidas determinantes e eficaces, tanto no curto como no longo prazo**, como a necesaria intervención do mercado do alugueiro; a creación dun gran parque de vivenda pública en alugueiro social e a prezos asumibles con carácter permanente; mobilizar, adquirir e rehabilitar vivenda privada do stock de vivendas baleiras existente nas zonas tensionadas para a súa posta en alugueiro a prezos asumibles, con garantías xurídicas e de pago aos propietarios desde as administracións; desincentivar fiscalmente o uso da vivenda como negocio; e que o esforzo dos fogares para alugar ou comprar unha vivenda non sobrepase o 30% dos ingresos.

As persoas non poden esperar máis.
Sen unha vivenda digna e accesible, as
persoas non terán unha vida digna.